

**Acta núm. 16/2025.
Sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local
do 14 de outubro de 2025.**

ASISTENTES:

Pablo Lago Sanmartín.
Sandy Marie Cebral Gómez.
María Rosa Romero Fariña.

Non asisten:
José Antonio Vidal González.
Carlos Noya Pereira.

Na alcaldía da Casa do Concello de Brión, ás 14:00 horas do 14 de outubro de 2025, reuníronse en primeira convocatoria os/as señores/as concelleiros/as membros da Xunta de Goberno Local deste concello que se relacionan, para celebraren sesión ordinaria.

Preside o señor alcalde Pablo Lago Sanmartín, e asiste como secretario Javier Nieves González, secretario do concello.

Ábrese a sesión cos seguintes asuntos:

- 1º) APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR NÚM. 15/2025, DO 30/09/2025.
- 2º) COMUNICACIÓNS PREVIAS OBRAS.
- 3º) COMUNICACIÓNS PREVIAS DE PRIMEIRA OCUPACIÓN.
- 4º) LICENZAS DE OBRA MENOR.
- 5º) LICENZA DE SEGREGACIÓN.
- 6º) LICENZA DE OBRA MAIOR.
- 7º) RENUNCIA PARCIAL A LICENZA DE OBRA MAIOR.
- 8º) CAMBIO DE TITULARIDADE DE LICENZA DE OBRA MAIOR.
- 9º) ACEPTACIÓN DE CESIÓN DE TERREOS DESTINADOS A VIAIS.
- 10º) LICENZA DE VAO PERMANENTE.
- 11º) BONIFICACIÓN DE PREZOS PÚBLICOS.
- 12º) ROGOS E PREGUNTAS.

PRIMEIRO.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR NÚM. 15/2025, DO 30/09/2025.

Acórdase por unanimidade a aprobación da acta da xunta anterior do día 30.09.2025, acta núm. 15/2025.

SEGUNDO.- COMUNICACIÓNS PREVIAS OBRAS.

a) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por ABDELLAH ET TAHERY, na que comunica que vai executar obras nunha parcela sita no lugar de Fonte Paredes 24 – Ons, consistentes en:

- Reconstruír un peche existente de 10 ml, con base ou zócalo de 40 cms de fábrica de bloque de formigón, postes intercalados e arameira ata acadar a altura total de 1,80 metros, afastado a 8 metros do eixo da estrada de titularidade provincial DP-1302.
- Instalar un portalón corredeiro de acceso á parcela, a emprazar a 6 metros da liña do borde da citada estrada provincial.

A parcela (referencia catastral 1789805NH2418N0001GG) na que se van executar as obras aséntase sobre un ámbito de solo clasificado como solo de núcleo rural (SNR), dentro da área non consolidada pola edificación da zona oeste, séndolle de aplicación a ordenanza nº 8 e sitúase na zona de servidume da estrada provincial DP 1302.

A Xunta de Goberno Local, á vista da autorización da Deputación Provincial de A Coruña do 03.06.2025 (expte. 2024000051318), e do informe do arquitecto municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coas seguintes condicións:

- As obras axustaranse ás condicións impostas na autorización da Deputación Provincial de A Coruña do 03.06.2025 (expte. 2024000051318).
- Os prazos para o inicio e final das obras amparadas nunha comunicación previa, non poderán exceder de tres meses e un ano respectivamente, segundo o establecido no artigo 363.1 do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 16,88 euros.

- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.

Total: 81,45 euros.

b) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por SANDRA GONZÁLEZ FERNÁNDEZ, na que comunica que vai facer unha canalización soterrada de 25 m. de lonxitude sobre unha parcela sita no lugar de Guldrís nº 1- Brión, coa finalidade de conectar a vivenda a rede de saneamento municipal.

A parcela (referencia catastral 5567109NH2456N0001AB) na que se van executar as obras atópase sobre un ámbito de solo clasificado como solo de núcleo rural consolidado pola edificación da zona leste, séndolle de aplicación a ordenanza nº 9 do PXOM.

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe do arquitecto municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coa seguinte condición:

- Para realizar a acometida deberá obter a preceptiva autorización da empresa concesionaria do servizo.

- Os prazos para o inicio e final das obras amparadas nunha comunicación previa, non poderán exceder de tres meses e un ano respectivamente, segundo o establecido no artigo 363.1 do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 29,90 euros.

- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.

Total: 94,47 euros.

c) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por JOSÉ PÉREZ FERNÁNDEZ, na que comunica que vai facer un acceso a dúas parcelas que dan fronte á estrada autonómica AC 543, sitas no lugar de Gundín - Os Ánxeles.

As parcelas (referencias catastrais 5843708NH2454S0001RJ e 5843709NH2454S0001DJ), atópanse emprazadas dentro dun ámbito de solo clasificado polo PXOM como solo de núcleo rural, séndolle de aplicación a ordenanza para as áreas consolidadas pola edificación (NRL-1).

A Xunta de Goberno Local, á vista da autorización do Servizo Provincial da Axencia Galega de Infraestruturas da Coruña, do 31.03.2023 (expediente nº IF205D/AC/2022/0153), prorrogada en data 31.03.2025, e do informe do arquitecto municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coas seguintes condicións:

- A obra deberá axustarse ás condicións impostas na autorización do Servizo Provincial da Axencia Galega de Infraestruturas da Coruña, do 31.03.2023 (expediente nº IF205D/AC/2022/0153), prorrogada en data 31.03.2025.
- Os prazos para o inicio e final das obras amparadas nunha comunicación previa, non poderán exceder de tres meses e un ano respectivamente, segundo o establecido no artigo 363.1 do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

.- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 17,00 euros.

.- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.

Total: 81,57 euros.

d) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por JOSÉ RAMÓN VIEIRO NOGUEIRA, na que comunica que vai limpar e encintar a mampostería de tres fachadas dunha antiga construción tradicional sen uso, emprazada no lugar do Casal - Brión.

A edificación (referencia catastral 5051302NH2455S0001MA) onde se pretenden executar as obras atopase sobre un ámbito de solo clasificado polo PXOM como solo de núcleo rural consolidado pola edificación da zona leste, séndolle de aplicación a ordenanza NRL-1, e sitúase na aldea do Casal que está integrada no catálogo de bens de interese cultural do PXOM, identificada coa clave: BE-4, e en base ao artigo 45, apartado 2.d) da Lei 5/2016, do 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia, non precisa de autorización previa en materia de patrimonio cultural, segundo informe do arquitecto municipal.

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe do arquitecto municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coa seguinte condición:

- Os prazos para o inicio e final das obras amparadas nunha comunicación previa, non poderán exceder de tres meses e un ano respectivamente, segundo o establecido no artigo 363.1 do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

.- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 6,00 euros.

Total: 6,00 euros.

e) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por MARÍA GUARINA REY VÁZQUEZ, na que comunica que vai executar obras de reforma das fachadas da vivenda sita no lugar de Gundín nº 6 – Os Ánxeles, consistentes en lavar e limpar as fachadas da vivenda, aplicando posteriormente unha capa illante térmica (sistema “SITE”) de 6 cms de espesor con acabado en pintura en cor sen definir. A fachada sur (medianeira) da vivenda revestirase con chapa simple pregada metálica.

A edificación (referencia catastral 5341402NH2454S0001FJ) onde se van executar as obras atópase dentro dun ámbito de solo clasificado polo PXOM como solo de núcleo rural consolidado pola edificación (NRL-1), e sitúase na proximidade dun elemento incluído no catálogo de bens de interese cultural do PXOM, identificado coa clave AE-12 (vivenda en Gundín).

A Xunta de Goberno Local, á vista da autorización da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural do 25.09.2025 (expediente XTC-2025-1970.AUI) e do informe do arquitecto municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coas seguintes condicións:

- Cumpríranse as condicións recollidas na autorización da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural do 25.09.2025 (expediente XTC-2025-1970.AUI):
 - A fachada do penal ficará, ou ben cun SITE similar ao resto da casa, ou ben recebada e pintada na mesma cor que o resto de fachadas.
 - Todas as fachadas ficarán, ou ben nunha cor da gama das brancas, ou ben nunha cor que se axuste aos criterios da "Guía de cor e materiais de Galicia" editada pola Xunta de Galicia, dispoñible na páxina web da Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático.
 - A nova canle e baixante ficarán lacadas ou pintadas na mesma cor da fachada.
- Os prazos para o inicio e final das obras amparadas nunha comunicación previa, non poderán exceder de tres meses e un ano respectivamente, segundo o establecido no artigo 363.1 do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

.- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 282,70 euros.

Total: 282,70 euros.

f) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por ANTONIO FRAGA CAMIÑO, na que comunica que vai executar un peche de fábrica de bloque revestido, de 1,20 metros de altura e 10 m. de lonxitude, sobre un linde da parcela sita en Coruxido 20 – Bastavales.

A parcela (referencia catastral 7502224NH2470S0001WE) onde se pretenden executar as obras aséntase sobre un ámbito de solo clasificado como solo de núcleo rural (SNR), dentro da área consolidada pola edificación da zona leste, séndolle de aplicación a ordenanza nº 8.

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe emitido polo arquitecto municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coas seguintes condicións:

- O muro de fábrica de bloque deberá de quedar revestido e pintado en tons claros.
- Os prazos para o inicio e final das obras amparadas nunha comunicación previa, non poderán exceder de tres meses e un ano respectivamente, segundo o establecido no artigo 363.1 do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

.- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 37,91 euros.

.- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.

Total: 102,48 euros.

g) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por Verónica Rodríguez Casal, que di actuar en representación da COMUNIDADE DE PROPIETARIOS URBANIZACIÓN MONTE BALADO, BLOQUES 5 e 6, na que comunica que vai executar obras no ático B - portal nº 22 (bloque 6) da Urbanización Monte Balado, consistentes en substituír un ventanal da cuberta (velux), que coincide sobre o teito da vivenda, renovando tamén os elementos de cobertura no perímetro do oco.

A parcela (referencia catastral 6651701NH2465S) onde se pretenden executar as obras atópase sobre un ámbito de solo clasificado como solo urbano consolidado, séndolle de aplicación a ordenanza UC-3 do PXOM, e sitúase dentro da zona de policía do rego do Pego.

A Xunta de Goberno Local, á vista da declaración responsable presentada ante Augas de Galicia de data 18.09.2025 (clave DH.W15.110440), e do informe do arquitecto municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coa seguinte condición:

- O prazo para o inicio e final das obras amparadas nunha comunicación previa, non poderán exceder de tres meses e un ano respectivamente, segundo o establecido no artigo 363.1 do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 43,60 euros.

- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.

Total: 108,17 euros.

h) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por EMILIO JESÚS APARICIO PÉREZ, na que comunica que vai reparar a cuberta da vivenda de Mourentáns 19 – Viceso, recubrendo a cobertura actual de fibrocemento con tella cerámica curva.

A parcela (referencia catastral 1372602NH2417S0001AY) onde se pretenden executar as obras atópase sobre un ámbito de solo clasificado como solo de núcleo rural, séndolle de aplicación as normas para as áreas consolidadas pola edificación da zona oeste (ordenanza nº 9), e sitúase na aldea de Mourentáns que está integrada no catálogo de bens de interese cultural do PXOM, identificada coa clave: VE 2 e en base ao artigo 45, apartado 2.a) da Lei 5/2016, do 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia, non precisa de autorización previa en materia de patrimonio cultural, segundo informe do arquitecto municipal.

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe do arquitecto municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coa seguinte condición:

- Os prazos para o inicio e final das obras amparadas nunha comunicación previa, non poderán exceder de tres meses e un ano respectivamente, segundo o establecido no artigo 363.1 do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 58,86 euros.

- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.

Total: 123,43 euros.

i) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por JOSÉ BENITO ROMERO BARCO, na que comunica que vai executar obras nunha parcela sita no lugar de Liñares – Brión, consistentes en:

- Substituír a cobertura actual dunha antiga construción tradicional, por outra nova das mesmas características (tella cerámica curva).
- Repicar e encintar as fachadas (3) de mampostería da mesma.
- Reparar o peche perimetral existente sobre os lindeiros particulares da horta (porción de parcela posterior da edificación), o actual peche está executado con postes de formigón e malla metálica, e preténdese repoñer os postes, executar unha base de 40 cms en fábrica de bloque de formigón (2 fiadas) e arameira por enriba ata a altura total de 1,80 metros.

A parcela (referencia catastral 5750402NH2455S0001SA) onde se pretenden executar as obras atópase dentro dun ámbito de solo clasificado polo PXOM como solo de núcleo rural, séndolle de aplicación as normas para as áreas consolidadas pola edificación da zona leste (NRL-1).

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe do arquitecto municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coas seguintes condicións:

- A actuación sobre o peche da parcela tan só afecta a parte traseira da parcela ou horta.
- Os prazos para o inicio e final das obras amparadas nunha comunicación previa, non poderán exceder de tres meses e un ano respectivamente, segundo o establecido no artigo 363.1 do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

.- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 70,00 euros.

.- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.

Total: 134,57 euros.

j) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por ABEL FERNÁNDEZ PÉREZ, na que comunica que vai reformar un baño da vivenda sita na urbanización Monte Balado nº 10, Baixo C – Os Ánxeles. A reforma só afecta os parámetros interiores e consiste en substituír o alicatado e os sanitarios.

A edificación (referencia catastral 6651702NH2465S0013DQ) onde se pretenden executar as obras emprázase sobre un ámbito de solo clasificado como solo urbano, séndolle de aplicación a ordenanza nº 3 do PXOM (UC3).

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe do arquitecto municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coa seguinte condición:

- Os prazos para o inicio e final das obras amparadas nunha comunicación previa, non poderán exceder de tres meses e un ano respectivamente, segundo o establecido no artigo 363.1 do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

.- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 68,00 euros.

.- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.

Total: 132,57 euros.

k) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por LOURDES GONZÁLEZ-LAGANA VICENTE, na que comunica que vai reparar a cuberta da vivenda sita no Casal nº 19 – Brión, substituíndo a cobertura actual de tella cerámica curva por outra das mesmas características sen afectar ao volume actual da edificación.

A vivenda (referencia catastral 5350301NH2455S0001IA) onde se pretenden executar as obras emprázase dentro dun ámbito de solo clasificado polo PXOM como solo de núcleo rural, séndolle de aplicación as normas para as áreas non consolidadas pola edificación da zona leste (NRL-2).

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe do arquitecto municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coa seguinte condición:

- Os prazos para o inicio e final das obras amparadas nunha comunicación previa, non poderán exceder de tres meses e un ano respectivamente, segundo o establecido no artigo 363.1 do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

- .- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 130,88 euros.

- .- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.

Total: 195,45 euros.

TERCEIRO.- COMUNICACIÓNS PREVIAS DE PRIMEIRA OCUPACIÓN.

a) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por Manuel Cid Rodríguez, que di actuar en representación de PABLO TARRIO GOY, na que comunica a primeira ocupación dunha vivenda situada en O Cabo 28 – Os Ánxeles.

Con data 13.07.2021 a Xunta de Goberno Local concedeulle licenza a PABLO TARRIO GOY e ANA Balsa Bello, para construír unha vivenda unifamiliar e piscina en O Cabo 28, Os Ánxeles, segundo proxecto de execución redactado polo estudio Cid - Rivadulla Arquitectos SLP, visado polo Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia o 29.06.2021 (expediente 2103849).

Con data 05.08.2024 a Xunta de Goberno Local concedeulle modificación da licenza para construír unha vivenda unifamiliar e unha piscina en O Cabo 28, Os Ánxeles, concedida pola Xunta de Goberno Local en data 13.07.2021, segundo o proxecto de execución redactado polo estudio Cid - Rivadulla Arquitectos SLP, visado polo Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia o 29.06.2021 (expediente 2103849).

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable emitido pola arquitecta municipal e do certificado final de dirección de obra asinado polos arquitectos Manuel Cid Rodríguez e Javier Rivadulla Montaña, con data 22.12.2023, visado polo Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia con data 03.01.2024, acorda por unanimidade:

1º) Tomar coñecemento e autorizar a primeira ocupación comunicada, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

- .- Taxa pola comunicación previa de primeira ocupación: 96,85 euros.

Total: 96,85 euros.

b) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por María Dolores Blanco Pouso, que di actuar en representación de JOSÉ JAVIER LÓPEZ CRENDE, na que comunica a primeira ocupación dunha vivenda situada en Sabaxáns 88 – Bastavales.

Con data 09.05.2023 a Xunta de Goberno Local concedeulle licenza a José Javier López Crende e María Regina Prieto Justicia, para construír unha vivenda unifamiliar e edificación auxiliar en Sabaxáns 88, Bastavales, segundo o proxecto de execución asinado pola arquitecta María Dolores Blanco Pouso, visado polo Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia o 05.04.2023 (expediente 2301827).

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable emitido pola arquitecta municipal e do certificado final de dirección de obra asinado pola arquitecta María Dolores Blanco Pouso, con data 20.08.2025, visado polo Colexio oficial correspondente con data 04.09.2025, acorda por unanimidade:

1º) Tomar coñecemento e autorizar a primeira ocupación comunicada, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

-. Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 256,37 euros.

-. Taxa pola comunicación previa de primeira ocupación: 64,57 euros.

Total: 320,94 euros.

c) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por SILVIA LÓPEZ BEN, na que comunica a primeira ocupación dunha vivenda situada en O Cabo 24 – Os Ánxeles.

Con data 21.07.2020, a Xunta de Goberno Local concedeulle licenza a Silvia López Ben e Fernando Redondo Neira, para construír unha vivenda unifamiliar no lugar de O Cabo 24, Os Ánxeles, segundo proxecto básico e de execución asinado pola sociedade de arquitectura López y Noya Arquitectura y Urbanismo S.L.P, visado o 03.04.2020 polo Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia, (n.r.e.: 2001619).

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable emitido pola arquitecta municipal e do certificado final de dirección de obra asinado polos arquitectos David López Ben e Pablo Noya Suárez, con data 21.01.2025, visado polo Colexio oficial correspondente con data 13.08.2025, acorda por unanimidade:

1º) Tomar coñecemento e autorizar a primeira ocupación comunicada, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

-. Taxa pola comunicación previa de primeira ocupación: 96,85 euros.

Total: 96,85 euros.

d) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por Javier Suárez del Río, que di actuar en representación de CASA Y CAMPO SILVAGAR SL, na que comunica a primeira ocupación parcial de dúas vivendas en Outeiro 29 e 30 – Os Ánxeles.

Con data 13.07.2010 a Xunta de Goberno Local concedeulle licenza a JAVIER GARCÍA BARBEIRA, OSCAR BARBEIRA FILGUEIRA, JAVIER SILVARIÑO ESPASANDÍN e FRANCISCO GARCÍA CASTIÑEIRA, para a construción de dous conxuntos de pareados para un total de catro vivendas unifamiliares, no lugar de Outeiro 29,30,31 e 32, parroquia de Os Ánxeles, segundo proxecto básico reformado e de execución redactado polo arquitecto Carlos González Rodríguez, visado polo Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia o 11 de xuño de 2010.

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable emitido pola arquitecta municipal e do certificado final de dirección de obra de dúas vivendas unifamiliares asinado polo arquitecto

Carlos González Rodríguez, con data 06.11.2023, visado polo Colexio oficial correspondente con data 15.12.2023, acorda por unanimidade:

1º) Tomar coñecemento e autorizar a primeira ocupación parcial comunicada, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

.- Taxa pola comunicación previa de primeira ocupación: 129,14 euros.

Total: 129,14 euros.

CUARTO.- LICENZAS DE OBRA MENOR.

a) Deuse conta dunha instancia presentada por Ana María Salgado López, que di actuar en representación de UFD DISTRIBUCIÓN ELECTRICIDAD, S.A., na que solicita licenza para realizar obras de infraestrutura soterrada de liña de baixa tensión para dar subministro eléctrico a estación de servizo Manzaneda emprazada na Avda. de Noia, abrindo unha gabia de 19 metros de lonxitude sobre un vial de titularidade municipal (tramo transferido ao concello da AC-543) segundo o proxecto asinado polo enxeñeiro técnico industrial Francisco David Laínez Sánchez, visado en data 07.01.2025.

A edificación obxecto de subministro aséntase sobre unha parcela clasificada polo PXOM como solo de núcleo rural, séndolle de aplicación as normas para as áreas consolidadas pola edificación da zona leste (NRL-1) e situase na zona de policía do rego do Pego.

A Xunta de Goberno Local, á vista declaración responsable presentada ante Augas de Galicia de data 30.01.2025 (clave DH.W15.106287) e do informe favorable emitido polo arquitecto municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Conceder a licenza de obras solicitada, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coas seguintes condicións:

.- Deberá repoñerse o pavimento dos viais nas mesmas condicións técnicas en que se atopa actualmente e non se poden causar danos á vía pública, debendo responder en calquera caso o promotor, dos danos que se poidan producir sobre os elementos ou servizos públicos existentes.

.- Como garantía, imponse un aval bancario por importe de 789,50 €, que se imputará ao aval global número 9340.03.2509855-91, emitido por CaixaBank, S.A. e presentado no Concello o 04/04/2022 (r.e. 202200000000943).

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

.- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 157,90 euros.

.- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.

Total: 222,47 euros.

b) Deuse conta dunha instancia presentada por Ramón Rufián La Torre, que di actuar en representación de TELEFÓNICA DE ESPAÑA SAU, na que solicita licenza para substituír un poste de formigón en vía pública municipal, emprazado a carón da fonte lavadoiro de Soutullos e a escasos metros da coñecida como “casa do Sindicato” de Soutullos, consonte co documento técnico presentado e asinado polo enxeñeiro técnico de telecomunicacións Francisco Pérez Montesinos con data de 10.07.2025.

A parcela na que se van executar as obras atopase dentro dun ámbito de solo urbano consolidado, séndolle de aplicación a ordenanza nº 1 do PXOM (UC-1) e situase na zona de afección de varios elementos catalogados.

A Xunta de Goberno Local, á vista da comunicación do Servizo de Patrimonio Cultural do 21.08.2025 (expediente XTC-2025-1761.AUI) e do informe favorable do arquitecto municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Conceder a licenza de obras solicitada, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coa seguinte condición:

.- Deberá repoñerse o pavimento dos viais nas mesmas condicións técnicas en que se atopa actualmente e non se poden causar danos á vía pública, debendo responder en calquera caso o promotor, dos danos que se poidan producir sobre os elementos ou servizos públicos existentes.

2º) Notificar este acordo ao interesado para o seu coñecemento e efectos.

QUINTO.- LICENZA DE SEGREGACIÓN.

a) Deuse conta dunha instancia presentada por Jesús Ángel García González, que di actuar en representación de JOSEFA e MARÍA TERESA FRAGA FRAGA, na que solicita licenza para agrupar dúas fincas nunha única parcela matriz para posteriormente segregala en catro parcelas resultantes e un lote de cesión dunha parcela sita no lugar de Aguiar – Brión, segundo proxecto técnico redactado polo enxeñeiro técnico agrícola Jesús García González, visado polo Colexio Oficial de Enxeñeiros Técnicos Agrícolas de A Coruña e Pontevedra, con data 18.08.2025 (núm. 20250747).

Descrición das parcelas de orixe:

Primeira finca:

Referencia catastral: 6768303NH2466N0001DQ.

Superficie: 4.917 m².

Lindes:

Norte: Pascasio Mourelle Arias (815) e María Josefa Villar Rojo (823).

Sur: Lourdes Sánchez Garea, hoxe Josefa e María Teresa Fraga Fraga (813).

Leste e oeste: camiño público.

Clasificación urbanística: A parcela aséntanse sobre un ámbito clasificado como solo de núcleo rural, séndolle de aplicación as normas para as áreas non consolidadas pola edificación do PXOM (NRL-2).

Segunda finca:

Referencia catastral: 6768304NH2466N0001XQ.

Superficie: 629 m².

Lindes:

Norte: Consuelo Garea González, hoxe Josefa e María Teresa Fraga Fraga (814), regato en medio.

Sur, leste e oeste: camiño público.

Clasificación urbanística: A parcela aséntanse sobre un ámbito clasificado como solo de núcleo rural, séndolle de aplicación as normas para as áreas non consolidadas pola edificación do PXOM (NRL-2).

Agrupación pretendida:

Nova finca matriz:

Superficie: 5.546 m².

Lindes:

Norte: Pascasio Mourelle Arias (815) e María Josefa Villar Rojo (823).

Sur, leste e oeste: camiño público.

Clasificación urbanística: solo de núcleo rural (NRL-2).

Segregación pretendida:

Parcela resultante 1:

Superficie: 1.805 m²

Lindes:

Norte: Pascasio Mourelle Arias (815) e María Josefa Villar Rojo (823)

Sur: parcela 2 resultante desta segregación.

Leste e oeste: camiño público.

Clasificación urbanística: solo de núcleo rural (NRL-2).

Parcela resultante 2:

Superficie: 1.442 m².

Lindes:

Norte: parcela 1 resultante desta segregación.

Sur: parcela 3 resultante desta segregación.

Leste e oeste: camiño público.

Clasificación urbanística: solo de núcleo rural (NRL-2).

Parcela resultante 3:

Superficie: 1.078 m² .

Lindes:

Norte: parcela 2 resultante desta segregación.

Sur: parcela 4 resultante desta segregación.

Leste e oeste: camiño público.

Clasificación urbanística: solo de núcleo rural (NRL-2).

Parcela resultante 4:

Superficie: 1.004 m² .

Lindes:

Norte: parcela 3 resultante desta segregación.

Sur: leste e oeste: camiño público.

Clasificación urbanística: solo de núcleo rural (NRL-2).

Parcela resultante de cesión:

Superficie: 217 m² (a 4 m. do eixe do vial).

A Xunta de Goberno Local, á vista dos informes favorables emitidos pola arquitecta municipal e polo asesor xurídico urbanístico do concello, acorda por unanimidade:

1º) Conceder a licenza solicitada, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros e aceptar a cesión dos terreos de 217 m², ao abeiro do disposto no artigo 150.5 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

-.Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 322,85 euros.

Total: 322,85 euros.

SEXTO.- LICENZA DE OBRA MAIOR.

a) Deuse conta dunha instancia presentada por Alejandro Ulla Rivas, que di actuar en representación de ENRIQUE JIMÉNEZ LAVILLA, solicitando licenza de obra para o cambio de uso a residencial vivenda, de dous locais comerciais existentes (2 e 2A), da Urbanización Balneario do Tremo – Os Ánxeles, segundo o proxecto de execución asinado polo arquitecto técnico Alejandro Ulla Rivas, visado con data 06.03.2025 polo COATAC (expte. VN25000540).

Os locais comerciais onde se van executar as obras (referencias catastrais 7649412NH2474N0003YL e 7649412NH2474N0074PM) emprázanse sobre un ámbito de solo clasificado como solo urbano, séndolle de aplicación a ordenanza nº 3 do PXOM (UC3).

A Xunta de Goberno Local, á vista dos informes favorables emitidos pola arquitecta municipal e polo asesor xurídico urbanístico do concello, por unanimidade, acorda:

1º) Conceder a licenza solicitada, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coas seguintes condicións:

-. A obra axustarase estritamente ao proxecto de execución asinado polo arquitecto técnico Alejandro Ulla Rivas, visado con data 06.03.2025 polo COATAC (expte. VN25000540).

-. Nas obras que se executasen sen licenza ou con inobservancia das súas condicións serán sancionadas por infracción urbanística as persoas físicas ou xurídicas responsables delas en calidade de promotor das obras, propietarios dos terreos ou empresario das obras, e os técnicos redactores do proxecto e directores das obras.

-. Se o director da obra deixa de actuar nela debe poñelo en coñecemento do concello no prazo de 3 días, mediante oficio debidamente visado polo colexio oficial. Os propietarios están obrigados a nomear seguidamente un novo facultativo, comunicándoo por escrito ao Concello mediante a oportuna folla de encargo, tamén visada. De non cumprirse este trámite, a alcaldía ordenará a inmediata suspensión das obras.

-. Será requisito indispensable dispor a pé de obra de copia autorizada da licenza municipal e a colocación dun cartel indicador no que se faga constar o nome e os apelidos das persoas técnicas e directoras e do contratista, ordenanza que se aplica, usos aos que se vai destinar a construción, a data de expedición da licenza, o prazo de execución das obras, número de plantas autorizadas e o número de expediente.

-. Os prazos de iniciación, interrupción máxima e finalización das obras, de acordo co establecido no artigo 145 da Lei 2/2016, do solo de Galicia: seis meses para iniciar, seis meses de interrupción e tres anos para rematar a obra, contados os de inicio e remate desde o día seguinte ao da notificación ao interesado do outorgamento da licenza. No caso de incumprimento dos prazos citados procederase á incoación do expediente para a declaración de caducidade da licenza. Os ditos prazos poderán prorrogarse a solicitude do titular da licenza sempre e cando a licenza sexa conforme coa ordenación urbanística vixente no momento da concesión da prórroga. Cada prórroga que se solicite non poderá ser por un prazo superior ao inicialmente acordado. No suposto de edificacións iniciadas, a concesión da prórroga estará condicionada a que a edificación sexa rematada exteriormente.

-. Durante a execución da obra adoptaranse todas as medidas de seguridade e saúde laboral establecidas na normativa vixente, tanto respecto á edificación como á vía pública.

-. Os escombros e provisións de materiais non poderán amorearse na vía pública.

-. Dará cumprimento ao artigo 4.c do Real Decreto 105/2008, polo que se regula a produción e xestión dos residuos de construción e demolición, referente ás obrigas do produtor de residuos de construción e demolición: dispoñer da documentación que acredite que os residuos de

construción e demolición realmente producidos nas súas obras foron xestionados, no seu caso, na obra ou entregados a unha instalación de valorización ou de eliminación para o seu tratamento por xestor de residuos autorizado.

-. Unha vez rematadas as obras deberá presentar a correspondente comunicación previa de primeira ocupación da totalidade do edificado (artigo 146.1. f) e g) da Lei 2/2016, do solo de Galicia).

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

.- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO), provisional: 699,48 euros.

.- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 96,03 euros.

Total: 795,51 euros.

SÉTIMO.- RENUNCIA PARCIAL A LICENZA DE OBRA MAIOR.

a) Deuse conta dunha instancia presentada por Javier Suárez del Río, que di actuar en representación de "CASA Y CAMPO SILVAGAR S.L.", na que comunica ao concello a renuncia a construír dúas vivendas unifamiliares, número 31 e 32, dun conxunto pareado, que formaban parte da licenza concedida pola Xunta de Goberno Local con data 13.07.2010 a JAVIER GARCÍA BARBEIRA, OSCAR BARBEIRA FILGUEIRA, JAVIER SILVARIÑO ESPASANDÍN e FRANCISCO GARCÍA CASTIÑEIRA, para a construción de dous conxuntos de pareados para un total de catro vivendas unifamiliares, no lugar de Outeiro 29,30,31 e 32, parroquia de Os Ánxeles, segundo proxecto básico reformado e de execución redactado polo arquitecto Carlos González Rodríguez, visado polo Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia o 11 de xuño de 2010.

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe emitido pola arquitecta municipal no que se sinala que as obras de construción do conxunto pareado das vivendas núm. 31 e 32, que formaban parte da licenza concedida pola Xunta de Goberno Local con data 13.07.2010, non foron executadas, e do informe favorable do asesor xurídico urbanístico do concello, por unanimidade, acorda:

1º) Tomar coñecemento da renuncia efectuada, deixando sen efecto parcialmente o acordo adoptado pola Xunta de Goberno Local o 13.07.2010, no referente á construción do conxunto pareado das vivendas núm. 31 e 32.

2º) Notificar este acordo ao interesado para o seu coñecemento e efectos.

OITAVO.- CAMBIO DE TITULARIDADE DE LICENZA DE OBRA MAIOR.

a) Deuse conta dunha instancia presentada por Aser Juan Goyanes Torreiro, que di actuar en representación de JORGE PENA MOLEDO, na que solicita o cambio de titularidade da licenza de obra maior para o cambio de uso dun almacén a uso comercial en Buio nº 1 – Os Ánxeles, concedida por acordo da Xunta de Goberno Local do 13.05.2025 a nome de Juan Manuel López Sánchez.

A Xunta de Goberno Local, á vista dos informes emitidos pola arquitecta municipal e polo asesor xurídico urbanístico do Concello, por unanimidade, acorda:

1º) Tomar coñecemento e autorizar o cambio de titularidade da licenza de obra concedida por acordo da Xunta de Goberno Local do 13.05.2025, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, poñendo como titular da licenza de obra a JORGE PENA MOLEDO,

con DNI: ***0491**, que queda subrogado en todos os dereitos e obrigas derivados deste expediente.

2º) Notificar este acordo ao interesado para o seu coñecemento e efectos.

NOVENO.- ACEPTACIÓN DE CESIÓN DE TERREOS DESTINADOS A VIAIS.

a) Deuse conta dunha instancia presentada por Francisco García Castiñeira, que di actuar en representación de CASA Y CAMPO SILVAGAR, S.L., na que solicita a aceptación da cesión de viais cedidos ao concello na licenza de agrupación e posterior segregación de tres parcelas outorgada pola Xunta de Goberno Local do 09.05.2017, segundo proxecto redactado polo arquitecto técnico e enxeñeiro de edificación Javier Suárez del Río, visado núm. 17-756, de data 17.03.2017, no Colexio Oficial de Aparelladores, Arquitectos Técnicos e Enxeñeiros da Edificación da Coruña, presentado no concello o 23/03/2017 (r.e.1.205).

Antecedentes:

En data 09.05.2017 a Xunta de Goberno Local concedeu licenza de agrupación e posterior segregación de tres parcelas que comparten unha mesma referencia catastral: 8143702NH2484S0001XY, situadas no Outeiro, Os Ánxeles, segundo proxecto redactado polo arquitecto técnico e enxeñeiro de edificación Javier Suárez del Río, visado núm. 17-756, de data 17.03.2017, no Colexio Oficial de Aparelladores, Arquitectos Técnicos e Enxeñeiros da Edificación da Coruña, presentado no concello o 23/03/2017 (r.e.1.205).

A Xunta de Goberno Local, á vista da licenza de agrupación e posterior segregación concedida pola Xunta de Goberno Local de data 09.05.2017, acorda por unanimidade:

1º) Aceptar a cesión efectuada de 161,70 m², destinados a viais fora das aliñacións establecidas no planeamento, segundo se recolle na licenza de agrupación e posterior segregación de tres parcelas que comparten unha mesma referencia catastral: 8143702NH2484S0001XY, situadas no Outeiro, Os Ánxeles, segundo proxecto redactado polo arquitecto técnico e enxeñeiro de edificación Javier Suárez del Río, visado núm. 17-756, de data 17.03.2017, no Colexio Oficial de Aparelladores, Arquitectos Técnicos e Enxeñeiros da Edificación da Coruña, presentado no concello o 23/03/2017 (r.e.1.205).

DÉCIMO.- LICENZA DE VAO PERMANENTE.

a) Deuse conta dunha instancia presentada por Francisco Javier Álvarez Portas, que di actuar en representación da COMUNIDADE DE PROPIETARIOS AVDA. DOS ÁNXELES Nº 16 , na que solicita licenza municipal para a colocación dun vao permanente para a entrada e saída de vehículos do garaxe do edificio de vivendas sito na Avda. dos Ánxeles nº 16, – Os Ánxeles.

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable emitido pola policía local en data 06.10.2025, por unanimidade, acorda:

1º) Conceder a autorización para instalar o vao permanente (4 m.), nos termos establecidos na Ordenanza xeral municipal sobre tráfico, circulación de vehículos a motor e seguridade viaria, (BOP nº 151, do 10/08/2010), deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

.- Taxa por entrada de vehículos: 63,00 euros.
Total: 63,00 euros.

DÉCIMO PRIMEIRO.- BONIFICACIÓN DE PREZOS PÚBLICOS.

a) Deuse conta dunha solicitude de bonificación presentada por D.I.C., con rexistro de entrada no concello núm. 202500000001636, do 19.06.2025, na que solicita a bonificación do 100% da tarifa correspondente á participación do seu fillo I.G.I.C. nas actividades de: concilia verán 2025, quendas 2 e 4.

Vista a proposta de bonificación do 100% da traballadora social do 10.10.2025, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda:

1º) Conceder a D.I.C., unha bonificación do 100% do prezo público por importe de: 91,14 euros, correspondente á participación do seu fillo nas actividades referenciadas, por atoparse a unidade de convivencia en situación valorada tecnicamente como de difícil integración, consonte co disposto no artigo 5.6 da ordenanza fiscal reguladora de prezos públicos pola prestación de servizos culturais, educativos, deportivos e de ocio.

2º) Dar conta deste acordo á tesourería e intervención municipais para o seu coñecemento, e ao Departamento de servizos sociais.

b) Deuse conta dunha solicitude de bonificación presentada por A.M.G.A., con rexistro de entrada no concello núm. 202500000001846, do 15.07.2025, na que solicita a bonificación do 100% da tarifa correspondente á participación dos seus fillos A.L.A.G. e J.U.A.G. nas actividades de: concilia e campamento verán 2025.

Vista a proposta de bonificación do 100% da traballadora social do 10.10.2025, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda:

1º) Conceder a A.M.G.A., unha bonificación do 100% do prezo público por importe de: 182,75 euros, correspondente á participación dos seus fillos nas actividades referenciadas, por atoparse a unidade de convivencia en situación valorada tecnicamente como de difícil integración, consonte co disposto no artigo 5.6 da ordenanza fiscal reguladora de prezos públicos pola prestación de servizos culturais, educativos, deportivos e de ocio.

2º) Dar conta deste acordo á tesourería e intervención municipais para o seu coñecemento, e ao Departamento de servizos sociais.

c) Deuse conta dunha solicitude de bonificación presentada por S.N., con rexistro de entrada no concello núm. 202500000001616, do 18.06.2025, na que solicita a bonificación do 100% da tarifa correspondente á participación da súa filla N.B.N. nas actividades de: concilia verán 2025, quendas 2,3,4,5,6.

Vista a proposta de bonificación do 100% da traballadora social do 20.06.2025, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda:

1º) Conceder a S.N., unha bonificación do 100% do prezo público por importe de: 101,99 euros, correspondente á participación da súa filla nas actividades referenciadas, por atoparse a unidade de convivencia en situación valorada tecnicamente como de difícil integración, consonte co disposto no artigo 5.6 da ordenanza fiscal reguladora de prezos públicos pola prestación de servizos culturais, educativos, deportivos e de ocio.

2º) Dar conta deste acordo á tesourería e intervención municipais para o seu coñecemento, e ao Departamento de servizos sociais.

DÉCIMO SEGUNDO.- ROGOS E PREGUNTAS.

Non se produciu ningunha.

O señor alcalde declara rematado o acto, e a sesión foi levantada sendo as 14,32 horas, procedéndose a redactar a acta, de todo o cal eu, como secretario dou fe.

O alcalde
Vº e Prace

Pablo Lago Sanmartín

O secretario

Javier Nieves González